




MULLERES

QUE COIDAN DA TERRA E
DA COMUNIDADE

MULLERES QUE COIDAN DA TERRA E DA COMUNIDADE

GUÍA DUN MODELO AGROECOLÓXICO E FEMINISTA



Financia

**Deputación
DA CORUÑA**

Mulleres que coidan da terra e da comunidade

1ª edición, novembro 2024

ISBN: 978-84-129251-6-6

DL: C 1724-2024

Edita: Asociación Punto Delas e Sacauntos.

Financia: Deputación da Coruña

**Investigación e redacción: Asociación Punto Delas e
Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego.**

Deseño e diagramación: Servizos Agrarios e Contables (SAC).

Imprime: Sacauntos.

As mulleres labregas son as que se encargan de alimentar de maneira saudable aos núcleos familiares e producen o 70% da alimentación. Elas tecen redes de coidados poñendo a vida das persoas no centro, velando polo futuro da terra e custodiando o desenvolvemento dos territorios a través destes coidados.

Os proxectos agroecolóxicos, na súa gran maioría en mans das mulleres, supoñen moitos beneficios para o territorio e responden a moitas problemáticas causadas polo modelo agroindustrial masculinizado.

Por exemplo, moitos proxectos agroecolóxicos están a permitir a volta de persoas novas ao rural e a súa incorporación á actividade agraria. Ademais, os proxectos locais agroecolóxicos crean sistemas alimentarios locais fronte aos sistemas alimentarios globalizados do modelo agroindustrial que provocan a emisión de miles de toneladas de gases de efecto invernadoiro, a deforestación de áreas de miles de hectáreas para os monocultivos para a exportación e a expulsión de millóns de persoas labregas dos seus territorios. En último lugar, a agroecoloxía permite ás persoas a achega de alimentos de proximidade, frescos, variados e ecolóxicos fronte a unha alimentación industrial que nos enferma. Segundo a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición hai restos de praguicidas no 41% das froitas e verduras, no 13% dos alimentos de orixe animal e no 27% das mostras de cereais analizadas. Na Unión Europea estímase que 38.710 persoas faleceron no 2019 por resistencias a antibióticos, en gran medida polo seu uso para a cría industrial de animais.

Esta guía busca identificar as características dos modelos agroecolóxicos en clave feminista. Afonda dende unha perspectiva teórica e práctica nas implicacións do traballo da muller en relación aos proxectos de agroecoloxía e coidados á terra e ás persoas.

Son oito as labregas (Marta, Leticia, Cynthia, Amaya, Eva R., Eva B., Dolores e María¹) de oito concellos diferentes da provincia da Coruña, as que comparten os seus coñecementos en vinculación a prácticas agrarias responsables e como basean a súa actividade vital, maiormente invisibilizada.

Esta guía achega os aspectos claves como punto de inflexión que permita ás mulleres, especialmente labregas, e a sociedade en xeral “camiñar cara a outra maneira de organizarnos, para que as actividades non remuneradas non recaian maioritariamente sobre as mulleres”, (Ferreiro, M. 2024) e que o coidado da terra sexa unha cuestión prioritaria e colectiva. Búscase así crear un espazo de reflexión, mergullándonos nas profundidades das bases do sistema alimentario actual, para poder crear camiños sostibles e de coidados nas nosas leiras e vidas.

¹ Consulta a páxina 27 para coñecer ás labregas e os seus proxectos.

**Un especial agradecemento a todas as mulleres
que cederon o seu tempo para compartir as
súas experiencias e os seus coñecementos
e a todas aquelas que coidan da terra e da
alimentación cada día.**

Que é para nós a agroecoloxía feminista?

“A agroecoloxía con maiúsculas escríbese coas mencionadas 3C de Cooperación, Coidados e peche de Ciclos” (Ángel Calle Collado e Isabel Álvarez Vispo, Territorios que alimentan, 2024). A agroecoloxía en clave feminista é un concepto holístico que inclúe varias dimensións: política, cultural, social, económica, ecolóxica, agrícola, feminista...


De xeito máis concreto, é un modo de produción agrícola labrego/campesiño, sostible para a poboación dun territorio no cal se protexe a vida no seu sentido máis amplo. Aténdese especialmente os coidados: *“a muller sempre levou unha carga moi pesada e importante neste sector a pesar de ser poucas as que se daban de alta como traballadoras. Falamos dun xeito de pensar e facer no cal mimas a terra e os cultivos co menor dano posible en tódolos aspectos”* (Leticia Iglesias Basanta, Na horta da avoa María).

Este modelo inclúe principios básicos da agricultura ecolóxica, como a ausencia de uso de pesticidas e químicas, a protección da biodiversidade cultivada e silvestre, a preservación da fertilidade do solo, etc. *“Trátase de colleitar con respecto á natureza e ao contorno, coidando da paisaxe, da vida e da xente”* (María Pardo Barbeito, Horta da Lousa). *“A agroecoloxía feminista é a produción da terra co mimo da mesma e en base a igualdade e respecto das persoas independentemente do seu sexo”* (Eva María Rodríguez Rodríguez).

E así mesmo, este modelo recoñece o papel fundamental das mulleres na produción de alimentos locais e sans, pon en valor o coñecemento popular e visibiliza o labor imprescindible que, como apunta Isabel Álvarez e outras autoras, supón a parte invisible dun iceberg no que “as mulleres labregas abastecen ao redor do 50% da produción alimentaria a nivel mundial” (EHNE Bizkaia, Soberanía alimentaria y Feminismos, 2015).

“A agroecoloxía en clave feminista é intentar saír da roda do capitalismo, darlle valor ao que cultivamos, como o cultivamos e sobre todo darnos a nós mesmas o valor que nos quitaron ao longo da historia. Producir alimentos de tan alto valor e que sexan accesibles para as nosas veciñas é algo fundamental. escoitar as mulleres da nosa familia, que sempre traballaron a terra e empatizar con elas cando contan como estaban desigualmente repartidas as tarefas. Tamén ter un discurso e intentar difundilo ó noso arredor” (Cynthia Arias Ramil, Bieiteiras).

A defensa deste modelo fai imprescindible *“colectivizar os traballos de coidados e conseguir ingresos dignos para o campesiñado”* (Amaya Romano Catalán, Agreco Galiza). Nunha sociedade onde as mulleres *“desenvolven varios roles con certa fraqueza, e damos por feito que temos a capacidade de aguantar, trátase de defender o teu traballo entre as grandes explotacións e o libre mercado que invisibiliza o desenvolvemento do noso modelo. Facemos unha especie de resistencia defendendo custos e inversións”* (Eva Beres Cainzos)



Horta, proxecto Bieiteiras, Cynthia Arias Ramil

Que son para nós os coidados?

Os coidados son aqueles traballos *“imprescindibles para ao mantemento dunha vida plena”* (EHNE Bizkaia, Mujeres baserritarras cuidando, 2023). Neste sentido moitas autoras falan da dobre ou tripla xornada laboral das mulleres, que a parte do traballo produtivo realizan moitas tarefas que pertencen á categoría do traballo reprodutivo ou dos coidados. *“Eran as mulleres as que ademais de coidar as crianzas e atender ao fogar, tamén levaban os temas de labranza e gando”* (Leticia Iglesias Basanta, Na horta da avoa María).

Esta tripla xornada realízase en 3 espazos de sociabilización distintos: o fogar, o mercado e as institucións (Andrea P. Sosa Varrotti, Agroécologie(s), femmes et travail, 2014). As Nacións Unidas (2023) estiman que o valor do traballo non remunerado e das tarefas domésticas representa entre 10% e 39% do PIB, é dicir que supera sectores como a industria e os transportes.

Por isto a economía non pode tomar en conta soamente os traballos remunerados no marco capitalista. *“Os coidados supoñen soste a vida. A vida das persoas que nos rodean, a vida do noso contorno e a nosa propia vida, esta última moitas veces esquecida”* (Cynthia Arias Ramil, Bieiteiras). A perspectiva da economía feminista axúdanos, neste empeño a entender os procesos económicos que sosteñen a vida e as desigualdades de xénero que os atravesan (Mar Garrote, EHNE, Glosario, Mujeres baserritarras cuidando). Defende a importancia dun cambio de valores, poñendo como eixo a satisfacción das necesidades e o coidado da vida fronte a procura do puro negocio (Sindicato Labrego Galego, Feminismo como semente, soberanía alimentaria como froito, 2018).

Para que o coidado ás persoas e á comunidade sexa efectivo, pasa polo dereito ao acceso a alimentos, que sexan suficientes e saudables e culturalmente adecuados, producidos de maneira sostible, digna e ecolóxica, e polo dereito das persoas a decidir sobre o seu propio sistema alimentario e produtivo. É dicir, pasa polo dereito á soberanía alimentaria.

As labegas son as protagonistas deste modelo, onde como di María Pardo, *“os coidados son o máis importante, o respecto a xente, intentar darlle a cada quen o que cada quen precisa sexan crianzas ou maiores. Coidei xa da miña avoa, coidei do meu pai, axúdolle a miña nai, ao meu irmán, intento que a xente estea contenta”*. E onde os coidados se plasman de maneira multidimensional, como afirma Marta García Villar de Millo e Landras xa que *“son todas as cousas que podemos facer para mellorar o estado físico e anímico dos seres que nos rodean e aí inclúo persoas, animais, chan, aire, auga, plantas, etc.”*

Para poder entender máis en detalle o que é para nós a agroecoloxía feminista, imos traballar segundo 5 bloques que identificamos en función das nosas lecturas teóricas e das nosas conversacións coas labegas da provincia. Estes bloques representan as tarefas que moitas veces fan as mulleres e que entran dentro do concepto de agroecoloxía feminista.

Índice

Agroecoloxía e coidado dos recursos naturais.....	11
Agroecoloxía e coidado da biodiversidade cultivada e silvestre.....	14
Agroecoloxía, coidados e benestar dos animais.....	18
Agroecoloxía e sistemas alimentarios locais e diversificados.....	20
Agroecoloxía, feminismo e participación política.....	23
As labregas e os seus proxectos. Coñece a súa historia.....	27

1. Agroecoloxía e coidado dos recursos naturais (auga, vento, terra...)

Os recursos naturais son imprescindibles para a vida en xeral e para a agricultura e a soberanía alimentaria dun territorio. Unha xestión comunitaria e sostible destes é totalmente indispensable para fomentar a vida no futuro e dado que segundo o autor Herrero Yayo, somos “ecodependentes” (Herrero Yayo. Economía ecológica y economía feminista: un diálogo necesario, 2014). Estamos nun contexto de depredación e de sobreexplotación dos recursos naturais polo capitalismo sen precedente. Por exemplo, Galiza vese afectada por moitísimos proxectos de parques eólicos (A Lama, parque Legre ...), acaparamento de terras (ex macroviñedos da Ulla), reaperturas de explotacións de minas de minerais (ex Limia-Verín), apertura de nova industria de celulosa co eucalipto (proxecto Altri). Estes proxectos están cuestionando a calidade de ben común dos recursos naturais. No Sindicato Labrego Galego consideramos que todos os recursos naturais son un ben común que non se pode privatizar de ningún xeito. Á parte das contaminacións irreversibles que provocan estes macro proxectos industriais que ignoran aos límites planetarios, é dicir que non toman en conta o feito que vivimos nun mundo con límites naturais e que se excedemos estes límites podemos afectar a nosa capacidade de vida nesta terra (Herrero Yayo. Economía ecológica y economía feminista: un diálogo necesario, 2014).

Dentro dos coidados que realizan as mulleres entra a loita pola defensa da terra, como nos conta Eva María Rodríguez Rodríguez, labrega nunha granxa de leite en Cesuras: *“Dende hai 4 anos, estou implicada nunha asociación chamada “Asociación A-Legre” que creamos para loitar contra un parque eólico promovido pola empresa Green Capital Power que queren facer en Mesía e Orza-Cesuras. Eu son unha cara visible dentro da propia asociación, na cal facemos moitas cousas, dende empezar con charlas informativas públicas, intentar buscar persoas que tiveran outros proxectos na súa zonas. Intentamos crear un grupo de persoas máis activa para buscar axuda externa. Agora estamos cos temas dos contenciosos xurídicos. A loita empezou en maio do 2021 coa creación da asociación. Demandamos a Xunta cun contencioso administrativo dicindo que nos ía repercutir moitísimo nas nosas vidas a nivel social e económico. Agora o proxecto está paralizado por medidas cautelares ditadas polo tribunal superior de xustiza de Galiza. Aínda así seguimos traballando axudando á compañeiras de outras zonas, participando en manifestacións... En total na asociación somos uns 300 membros pero de persoas activas so somos 5 o 6 persoas”.*

Por outra banda, uns dos principios da agroecoloxía é o coidado e a melloría dos recursos naturais, un exemplo de melloría pode ser a da fertilidade do chan, vantaxe importante deste modo de produción dado que a erosión do solo é uns dos principais problemas medio ambientais no Estado español (os niveis de erosión están publicados cada ano no INES, inventario nacional de erosión dos solos). Ao contrario da agricultura química que provoca a erosión do solo e a súa perda de fertilidade, as prácticas agroecolóxicas das labregas melloran cada vez o solo e permiten protexer a nosa soberanía e capacidade a producir alimentos sans no futuro. Marta García Villar do proxecto Millo e Landras fálanos deste coidado do chan: *“Para min coidar do solo é o máis importante se te dedicas a agricultura. Non hai que coidar leitugas, hai que coidar o chan porque será o que coide das túas leitugas. O básico é a cobertura. Nunca deixar un chan sen cubrir. Despois non labrar e engadir moito compost. Eu prefiro que a miña horta estea cuberta de malas herbas. Cando se acaba un cultivo, cúrtoo e déixoo enriba do bancal, deixo a raíz, cubro o bancal con cartóns sen tintas e encima dos cartóns, poñemos compost e encima follas, palla ou o que sexa para protexer este compost. Nunca traballo esta terra, sen engadir 15 cm de compost máis a materia orgánica do cultivo anterior. Cada vez teño os bancais máis altos, porque son capaz de crear chan. A miña verdadeira paixón é a tarefa da que sinto máis orgullo e o meu reto como agricultora é crear chan.”* Algunhas labregas empregan un modo de cultivo moi protector do chan que é a técnica de non laboreo, unha técnica que preserva a estrutura do solo e a súa vida microbiana interna.



Zona de compostaxe, proxecto Millo e Landras, Marta García Vilar

Un exemplo é o proxecto “Na horta da avoa María”, de Leticia Iglesias Basanta: *“A miña leira só leva fertilizantes a base de esterco de animais en liberdade que teñen un pequeno albio para descanso, ou por outro lado dos composteiros que hai pola parcela de restos vexetais, de podas, ou orgánicos da casa. Os labores son os mínimos, aínda que emprego retovator algunha vez, sobre todo dentro dos invernadoiros, pero principalmente aireación con rella. Non se aplican fertilizantes minerais. Intento coñecer as malas herbas que xorden na explotación e vou sabendo se fixen ben os fertilizantes, que sexan equilibrados, e fago a maiores unha analítica de chan cada dous anos. Pero teño que pedirlle a un compañeiro que me axude a lela xa que hai terminoloxía que esquecín para saber interpretar a analítica”.*

Unha práctica imprescindible para crear solo fértil nas propias parcelas é poder facer o seu propio compost in situ. Diso sabe moito Marta García Villar de Millo e Landras que prepara o seu propio compost na súa leira cada ano: *“Facemos o noso propio compost grazas á materia orgánica que recuperamos dos xeradores do concello. Para facer un bo compost necesitamos materia orgánica e estruturante. O estruturante recuperámolo en leiras (herba, toxo...) e tamén dunha empresa que nos dá madeira triturada. Facemos avicompostaxe coa axuda das galiñas e dos pitos que veñen pisar o compost. Tamén veñen os porcos que pisan e revolven o compost. Temos un tractor cunha pa que nos serve para voltear o compost e logo deixámolo compostar ao redor dun ano cuberto por unha lona transpirable. Somos unha granxa faro en aspectos de creación de chan e traballamos coa universidade que nos fai estudos de chan. Tamén usamos unha biotrituradora que prestamos á veciñanza que o necesitan porque dicimos non mandes ao ceo o que necesita o teu chan”.*

A agroecoloxía recolle moitas outras prácticas de coidado do chan, como as asociacións de cultivos (sementar ou plantar xuntas dous ou máis cultivos que se completan, exemplo da tradicional milpa, asociación de millo, cabaza e xudía) ou as rotacións (alternar cultivos exixentes e pouco exixentes en nutrientes para non esgotar o chan). Estas técnicas agroecolóxicas requiren moito coñecemento por parte das labregas que teñen que formarse e intercambiar coñecemento entre elas. Do mesmo xeito, a agricultura agroecolóxica preserva a calidade da auga e tenta tamén preservala dunha sobre explotación. Así como nos recorda Marta García Villar do proxecto “Millo e Landras”: *“O propio coidado do chan xa faiche coidar a auga. A auga sempre queda cuberta e non hai evaporación. Coido a miña terra e a auga limitando a evaporación da auga”.*



Asociación de cultivos no invernadoiro, proxecto Na horta da avoa María, Leticia Iglesias

2. Agroecoloxía e coidado da biodiversidade cultivada e silvestre

“O traballo e os coñecementos das mulleres son dunha importancia vital para a conservación e o uso da biodiversidade” (Shiva, 2012: 279)

Por primeira banda, o tema da biodiversidade cultivada é de gran importancia a nivel da agricultura porque é toda esa biodiversidade que nos permite ter resiliencia fronte aos cambios climáticos, ou fronte as pragas e a todo o que pode vir no futuro. *“Para min, a biodiversidade cultivada é intentar xerar un equilibrio na horta. Devolverlle á terra os nutrientes que lle extraemos, cultivar variedades autóctonas e polo tanto máis resistentes ó que nos leva a non usar agroquímicos prexudiciais para os sistemas, rotación e asociación de cultivos...”* (Cynthia Arias Ramil, Bieiteiras). A selección dos mellores exemplares dentro dun cultivo para a creación de novas variedades é unha práctica que sempre fixeron as labregas e os

labregos para renovar e multiplicar a súa propia semente de un ano para outro. As labregas son as gardiás da diversidade das variedades do seu territorio. Moitos estudos recentes están mostrando que a nosa diversidade de cultivos vaise reducindo cada vez máis (Dynaversity european project, desk study, 2021).

Hoxe en día, moi poucos cultivos están en moitos pratos cada día (millo, arroz, trigo...) cando existe unha diversidade de cultivos que non podemos nin imaxinar e que se está a perder (IPES FOOD, from university to diversity, 2016; Jacobsen et al., 2013). Do mesmo xeito, a produción de sementes estase concentrando en moi poucas mans, como o explicita o sindicato agrario vasco EHNE Bizkaia “a produción, a sementeira e a comercialización das sementes pasaron de estar en mans das mulleres a mans dun pequeno grupo de grandes empresas que controlan todo o circuíto” (EHNE Bizkaia, Soberanía alimentaria y Feminismos, 2015).

A situación actual invítanos a meter máis enerxía aínda na conservación e multiplicación desta biodiversidade imprescindible para a nosa soberanía alimentaria e incluso para a nosa saúde. Esta tarefa de coidar das sementes e de cultivar variedades adaptadas ao seu clima e territorio sempre foi realizado polas mulleres. “Todos os grandes cultivos tradicionais (como o arroz, millo, sorgo, lentellas, feixóns, papas, ñame, mandioca, plátanos, batatas) teñen centos de variedades, cada unha con usos distintos, procesamentos distintos, achegas nutricionais, cores e sabores distintos. Cada unha desas variedades foi creada por comunidades campesiñas, que coidaron e melloraron as súas sementes, para logo diseminarse por unha rexión ou mesmo polo mundo enteiro, onde novas variedades foron creadas e re-creadas” (La Vía Campesina, Semillas en la Cultura Campesina e Indígena, para la Soberanía Alimentaria de los pueblos, 2022).

Hoxe en día é moi difícil levar un rexistro de todas as variedades locais no territorio galego. Algunhas asociacións intentaron facer un rexistro baseándose nas recollidas do Centro de Investigación Agraria do Mabegondo (CIAM²), coma a asociación Slow Food Compostela que rexistra unhas 3 variedades locais de patacas, unhas 14 variedades locais de pementos, unhas 17 de tomates, 530 variedades de millo, unhas 7 variedades de repolo, 17 variedades de cebolas³... Estes rexistros só representan unha pequena parte da realidade da diversidade das variedades do territorio, porque en cada predio, nas mans de cada labrega hai variedades locais.

² <http://www.ciam.gal/sp/index/?r=portada.index>

³ <https://cas.slowfoodcompostela.es/2021/07/biodiversidade-vegetal-de-galicia-parte.html?m=1>

Moitas variedades híbridas da selección moderna non teñen tantas propiedades nutritivas nin gustativas como teñen as variedades locais. As variedades locais son máis resistentes aos cambios climáticos ou incidencias medio ambientais. Aínda que poden ser mais difíciles de cultivar, teñen tamén moitas vantaxes como nos conta Leticia Iglesias Basanta do proxecto Na horta da avoa María: *“Teño que cultivar moitas variedades para que sexa máis rendible o proxecto, aínda que sexa en cantidades pequenas. Tamén traballo con variedades locais todo o que podo e conservo sementes de ano a ano (nabo de Xestoso, tomate negro de santiago, pemento do couto, berza galega,..). Non se sacan grandes producións na variedades locais pero resisten moito mellor estás variacións da climatoloxía que estamos a sufrir, e as calidades organolépticas son insuperables”.*

Cynthia Arias Ramil do proxecto Bieiteiras tamén nos conta a súa experiencia co cultivo de variedades locais: *“teño varios tomates autóctonos de Galiza (negro de Santiago, Apementado, Taller de Lubre, Avoa de Osedo) e despois máis local temos coles e nabos da miña avoa e fabas e nabos da avoa de Iván. Son plantas máis fortes e isto lévanos a menos pragas e máis resistencias. Tamén son menos esixentes extraendo nutrientes”* (Cynthia Arias Ramil, Bieiteiras).



Tomate negro de santiago,
proxecto Bieiteiras,
Cynthia Arias Ramil



Tomate Taller de Lubre, proxecto Bieiteiras,
Cynthia Arias Ramil

Por outra banda, a biodiversidade silvestre tamén ten unha gran importancia para a agricultura porque permite darlles protección e alimentos a moitos insectos e animais beneficiosos para a agricultura (coma as abellas, xoaniñas...) e que permiten a propia regulación biolóxica das pragas nos cultivos. Segundo Amaya Romano Catalán do proxecto Agreco Galiza: *“As flores favorecen a proliferación de distintas formas de vida, dende insectos ata aves e mamíferos”*. A agroecoloxía pola ausencia de uso de químicos permite tamén protexer esta biodiversidade silvestre que se pode ver moi prexudicada cando se úsan pesticidas. *“Na horta temos sobre todo tranquilidade, que nos leva a non intentar acabar cunha praga antes de que o sexa, e na maioría dos casos aparecen depredadores naturais para restablecer o equilibrio. As sebes que imos deixando ou axudando a que se creen son de tódalas especies que xa había ó noso arredor como espiños, bieiteiros, silvas”*... (Cynthia Arias Ramil, Bieiteiras) Galiza tamén é un caso moi revelador da perda de biodiversidade silvestre coa introdución dos eucaliptos...

“Os beneficios en xeral para a saúde do chan e das paisaxes da biodiversidade é que se complementan e se axudan unhas a outras, ultimamente con tanto eucalipto non queda nada para comer os paxariños e demais fauna salvaxe por riba se poñen os eólicos outro tanto” (María Pardo Barbeito, Horta da Lousa).

Este labor de protección, preservación da biodiversidade é realizado moitas veces polas mulleres e en concreto polas labregas que cultivan en agroecoloxía. Elas realizan un labor que é imprescindible a nivel da sociedade, labor que non está remunerado de ningún xeito na actualidade, nin economicamente nin socialmente...



Xirasol, proxecto Millo e Landras, Marta García Vilar

3. Agroecoloxía, coidados e benestar dos animais

Os animais son fundamentais para a agroecoloxía, sendo unha agricultura que intenta pechar ciclos sempre que sexa posible. Ademais, o modo tradicional das casas de labranza é o policultivo-gandería, é dicir, que tradicionalmente no campo as labregas e os labregos asociaban uns cultivos vexetais (hortalizas, millo, viñas...) coa crianza de animais. Ese modelo permite coidar da paisaxe e das fincas coa axuda dos animais que fan á vez un labor de fertilizar as terras. Tamén o compost acostuma facerse coa axuda dos animais para pisalo, voltealo e fertilizalo (exemplo de Millo e Landras). O policultivo gandería permite tamén ás labregas e labregos ser autosuficiente na súa leira porque poden atopar de forma interna o fertilizante necesario para fertilizar as terras sen ter que mercar nada fóra. Nun mundo globalizado como o noso, é unha vantaxe fundamental para poder soste unha agricultura local e responsable, limitando costes económicos e ambientais do transporte de fertilizantes. Tamén, o modelo labrego implica poder autosubministrarse en insumos agrícolas para reducir gastos e aumentar a sustentabilidade do proxecto. Segundo o profesor Xoán Carlos Carreira Pérez en Agroecoloxía, agricultura tradicional e novo sistema agrario en Galiza, a agricultura tradicional galega das casas de labranza permite a soberanía alimentaria da poboación galega, e “sen elas a incapacidade da agricultura galega para nutrir de alimentos á cidadanía deste país sería moi alarmante”.

As vacas no prado, proxecto granxa de Lousada, María Dolores Porto Álvarez



Esta guía, sendo dunha agroecoloxía feminista, o tema dos coidados e do benestar animal é unha cuestión fundamental. Deste xeito, intentamos definir que sería para nós o benestar animal, coa perspectiva que todo está interconectado e que o ben estar animal afecta tamén ao benestar humano e á saúde do planeta. O benestar animal é un concepto holístico, como o concepto de agroecoloxía, é dicir que inclúe a varios aspectos, como unha boa alimentación, unha boa saúde, unha liberdade de movemento nun prado, unha protección ante enfermidades e depredadores ...

Para María Dolores Porto Alvarez do proxecto Granxas de Lousada, *“o benestar animal é para min proporcionarlles aos meus animais as súas necesidades básicas (alimentación, sanidade, liberdade...).* Aos nosos animais proporcionámoslles comida, auga e liberdade, vixiamolos e protexémolos”.

Do mesmo xeito, cóntanos Eva María Rodríguez Rodríguez dunha granxa de vacún de leite en ecolóxico: *“Teño clarísimo que hai que achegarse á súa propia natureza, ao seu estado natural, que é pastando e estando fóra, respectando ao máximo a natureza, dándolle árbores, sombra, liberdade e que poida escoller. Os meus animais están no pasto agora mesmo, pola mañá e pola tarde, vounos buscar no pasto, múxoos, doulles algunha alimentación complementaria no corte e volven outra vez pastar. Agora mesmo, teño 40 animais en muxido.”*

As vacas no prado, proxecto horta de Lousa, María Pardo Barbeito



4. Agroecoloxía e sistemas alimentarios locais e diversificados

O maior símbolo da venda nos sistemas agroecolóxicos é o mercado labrego como nos conta María Dolores Porto Álvarez do proxecto Granxas de Lousada: *“O que máis me gusta de vender no mercado é que vexo como a persoa consumidora aprecia a diferenza do noso produto e o dun produto industrial. A maior barreira para vender en local que imos ter nun futuro é que cada vez somos menos as persoas produtoras que nos dedicamos a producir e a vender así, e así non imos poder facer forza nin de cara aos mercados nin de cara ás persoas consumidoras, unha mágoa. Para mín o vínculo maior entre a soberanía alimentaria e a produción/venda de proximidade, é a frescura do produto a importancia da economía circular e a confianza entre persoa produtora e consumidora. Entre todo isto xeramos unha riqueza insuperable e unha calidade inigualable. A soberanía alimentaria é moi importante para nós, as mulleres. Por que nós somos as que creamos vida nas bisbarrias, coidamos a terra e producimos alimentos de calidade”*. A cadea alimentaria actual está baseada na agricultura intensiva e industrial onde se produce moitísimo dun alimento que se comercializa a través dun distribuidor nunha cadea grande de supermercados. Este modelo fomenta que se tire moitísima comida, “os occidentais tiran entre o 30 e o 50% dos alimentos que adquiren” (Soraya González Guerrero, Pandora Mirabilia, Introducción a la soberanía alimentaria desde un enfoque feminista). Estas cadeas longas onde se comercializan produtos a través de distribuidores grandes teñen moitas desvantaxes para a persoa produtora que non pode negociar os seus prezos e que depende da lei do mercado para vender a súa produción (COAG, canales cortos de comercialización, Agricultura de responsabilidad compartida).



O mercado, proxecto granxa de Lousada,
María Dolores Porto Álvarez

Estas dinámicas xeran un empobrecemento extremo do campesiñado que non pode competir coas multinacionais (Soraya González Guerrero, Pandora Mirabilia, Introducción a la soberanía alimentaria desde un enfoque feminista). Fronte a este sistema, as labregas e labregos que apostan por unha agricultura, un mercado e un consumo distinto desenvolveron os seus propios canais de venda, o que chamamos redes alternativas alimentarias (Kondo, C. Re-energizing Japan's teikei movement: Understanding intergenerational transitions of diverse economies, 2021). *“Para comezar, os prezos de hortalizas ecolóxicas nas grandes superficies están por riba das posibilidades de moitas familias, os nosos prezos compáranse ós dunha produción industrializada e convencional que podes atopar en calquera supermecado. Coñecemos e que lles poidamos contar a nosa forma de producir é algo que sempre nos agradecen tódalas clientas. Tamén nos dan a grazas, grazas de corazón, por facer o que facemos. Para nós poder producir o que queremos e marcar os nosos prezos é unha tranquilidade, sen ter que depender do que nos marque un intermediario. Así que ó final é unha cuestión de liberdade, tanto para nós como para as consumidoras”* (Cynthia Arias Ramil, Bieiteiras).



A elaboración do queixo. Horta ecolóxica e queixos, Eva Beres Cainzos

A peculiaridade dos sistemas agroecolóxicos e que acostuman levar a cabo todos os procesos dende a produción ata a venda, pasando pola transformación de xeito artesanal. Para a venda directa ás persoas consumidoras existen distintos canais, dende o mercado de produtos locais, os grupos de consumo, as cestas semanais, venda directa na granxa, venda en tendas especializadas para produtos ecolóxicos o locais, restauración o comedores colectivos (COAG, canales cortos de comercialización, Agricultura de responsabilidade compartida). Dentro dos sistemas agroecolóxicos, as mulleres

son as persoas que máis realizan os traballos de transformación e comercialización nos proxectos agroecolóxicos (Álvarez, I. y Begiristain, M. La soberanía alimentaria y la agroecología: Practica desde Ya. 2018). Estes traballos moitas veces son invisibilizados cando son fundamentais para a creación de sistemas alimentarios locais e diversificados, e fundamentais para garantir a nosa soberanía alimentaria.



Envasando a aromática, proxecto Agreco Galiza, Amaya Romano Catalán

Un concepto interesante chamado “agricultura de responsabilidade compartida” o de “agricultura sostida pola comunidade” naceu en Xapón nos anos 60/70 cos TEIKI e en Europa nos anos 2000. Ten por obxectivo segundo a declaración europea dos ASC, “a asociación directa baseada na relación humana cunha ou varias produtoras”. Nesta asociación directa acostumase compartir responsabilidades, riscos e recompensas (Urgenci, Cuadernillo de produtoras para produtoras: agricultura sostenida por la comunidad, 2019).

Estes modelos de venda tradúcense moitas veces nun compromiso por parte das persoas consumidoras en mercar cada semana unha cesta/caixa de produtos locais a(s) produtora(s). As veces incluso as persoas consumidoras poden pagar por adianto as cestas para dar liquidez á persoa produtora.

Estes modelos innovadores son imprescindibles para soste o modelo agroecolóxico que defendemos porque permite garantir mellores condicións de soldo ás labregas e aos labregos. Nos proxectos agroecolóxicos sendo cada vez menos numerosos, é imprescindible seguir innovando na forma de vender e de garantir un soldo digno ás persoas produtoras do noso territorio.

5. Agroecoloxía, feminismo e participación política cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria

As labregas realizan un labor imprescindible de coidados da comunidade. Estes empezan dende os coidados da familia, da terra que cultivan, dos recursos naturais e da biodiversidade e chegan ata os coidados da sociedade en xeral pola súa loita no feminismo, na agroecoloxía, en contra de macro proxectos...

“Somos as mulleres labregas a vangarda para construír outros xeitos de sermos colectivamente, para cultivar non só alimentos senón tamén relacións”. (Sindicato Labrego Galego, O feminismo como semente a soberanía alimentaria como froito, 2018).

Estes coidados da comunidade que realizamos tamén inclúen loitas por un mundo mellor, máis sostible, feminista, anticapitalista, agroecolóxico...

Tal e como recoñece Cynthia Arias Ramil, labrega de Bieiteiras, os conceptos de soberanía alimentaria e feminismo camiñan da man: *“Non creo que exista unha soberanía alimentaria real se non é feminista. Pero para introducir o feminismo supoño que primeiramente teremos que mirar o conxunto global e non só ao noso arredor, pódenos dar a impresión de que xa cambiou todo e fixemos un gran “avance” pero, a costa de quen? se miras o conxunto global dáste conta de como son as mulleres do sur as que producen alimentos que podes atopar en calquera lineal, pero non teñen as mesmas condicións que nós. Tamén son elas as que en moitos casos traballan coidando para que nós poidamos “escalar” e chegar a esa falsa igualdade. O primeiro paso para incorporar o feminismo á soberanía alimentaria pasa por ser conscientes disto”.*

O testemuño de Cynthia reforza a cuestión do exceso de todas as mulleres (do Sur como do Norte) nos traballos máis imprescindibles da sociedade. “Na perspectiva da terceira xornada de traballo, as traxectorias cotiás das mulleres non se limitan ao traballo produtivo e reprodutivo, pero son as actrices centrais na construción dos vínculos comunitarios. Dedicán unha parte substancial do seu tempo as asembleas e as instancias de grupos nos cales están vinculadas....” (Andrea P. Sosa Varrotti, Agroecologie(s), femmes et travail, 2014).

Se moitas mulleres labregas están implicadas na vida comunitaria en xeral e en grupos ou asembleas, no mundo agrario resúltalles máis complexo participar dado que é un mundo moi masculinizado (Mundubat y Ceres, participación política de las mujeres en el estado español, 2020).

O primeiro obstáculo que teñen é a cuestión do tempo, sabendo que teñen unha dobre ou tripla carga entre o traballo, o coidado das crianzas o da familia e da comunidade. Por enriba diso, é moi difícil a forma na cal funcionan as organizacións agrarias porque moitas veces as mulleres non están nin consideradas.

Na secretaría das mulleres do Sindicato Labrego Galego dedicamos un espazo seguro ás mulleres para formacións, reclamacións e apoio en todos os ámbitos, dereito a saúde, prevención de violencias machistas, lei de dependencia... Eva Beres Cainzos comparte con nós a súa experiencia na secretaría das mulleres: *“Colaborar, asesorar e compartir con compañeiras na mesma situación na secretaría de mulleres onde puiden expresarme. Facéndonos falta manter a mente sa, que sempre necesitamos para nós estar tamén coidadas”*.

Moitas labregas están involucradas en loitas no día día para conseguir un cambio igualitario e sostible na sociedade. *“Cambiar o sistema e a sociedade, non sei en que orde. Seguir loitando ata que o cambio sexa real. Persoalmente formo parte do Colectivo feminista das Pontes, o patriarcado está presente en tódolos ámbitos da sociedade e considero que a loita ten que ser de tódalas persoas, vivan e traballen no rural ou na cidade. Todo o sistema está en desequilibrio e hai que loitar para cambiar iso”* (Cynthia Arias Ramil, Bieiteiras).

Tamén para fomentar un cambio verdadeiro na sociedade, faltaría educar as novas xeracións para que valoren a alimentación e agricultura agroecolóxica e de calidade como comenta Leticia Iglesias Basanta do proxecto Na horta da avoa María: *“Nun mundo ideal melloraría á xente, agora a xente non ten educación nin respecto, e non hai diferenciación entre un cultivo ecolóxico dun convencional, valórase menos ou non hai interese en respectar o traballo. Queren compararte cunha gran área comercial e queren todo tipo de produtos en calquera época do ano. Non saben diferenciar a estacionalidade dos produtos. E xa non falemos das administracións, que eu entendo que teñen que inspeccionar e facer o seu traballo, pero vas a algún local ou feira que non hai un seguimento deses produtos, ou compañeiros que nin teñen libro de campo e fan o que ven nun tutorial de internet en vez de ler un libro con unha base científica...e logo eses produtos velos á venda. Logo non hai maneira de que poidas despuntar sendo unha explotación pequena, réxense por grandes explotacións, o sistema non está feito para que poidas vivir dunha explotación pequena, o único que facemos é sobrevivir”*.

Conclusión

Para concluír, podemos afirmar que agroecoloxía, feminismo e soberanía alimentaria van da man e son indisociables. Cada un destes conceptos son holísticos e pódense descompoñer en varios piares. Como vimos, a agroecoloxía ten moitas caras e algunhas delas son o coidado dos recursos naturais, a protección e o fomento da biodiversidade cultivada e silvestre, os sistemas alternativos de venda, o benestar animal, as loitas feministas e sociais para unha sociedade máis xusta. A sostibilidade dos proxectos agroecolóxicos está ás veces en risco pola falta de remuneración que teñen. Para sosterse, é necesario por exemplo, innovar nos canais de venda, nos cultivos con variedades locais e pechando ciclos para reducir gastos. Todas esas innovacións fanse a costa de moito traballo por parte das labregas que teñen que estar en todas as loitas á vez.

As labregas do territorio (neste caso da provincia da Coruña) son as coidadoras e gardiás das terras, da xente, dos cultivos, dos bens comúns e dos recursos da natureza. Estes coidados que realizan elas lévanas a ter dobres ou triplas xornadas de traballo, e un desborde mental, a parte de estar invilibilizadas nestes traballos imprescindibles que fan. Esta guía ten por obxectivo visibilizar e poñer en valor a importancia fundamental deste modelo de traballo das labregas para poder cambiar algunhas dinámicas inxustas na sociedade.

**DETRÁS DESTA GUÍA ESTÁN AS
LABREGAS E OS SEUS PROXECTOS**

**DESCUBRAMOS A HISTORIA
DE CADA UNHA!**



Amaya Romano Catalán

49 anos

Proxecto Agreco Galiza

Produción de plantas aromáticas

A campiña, nº29

15166 Lubre (Bergondo)

Levo desde o ano 2008 á fronte da explotación AgrecoGaliza S.L., cultivando plantas aromáticas para consumo en fresco. Encargámonos da produción dos cultivos (coandro, albáfega e ceboliño) así como da comercialización dos mesmos, en diferentes formatos. Actualmente a nosa comercialización está encamiñada a un único cliente que é unha empresa do retail de ámbito galego. A explotación está rexistrada no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza desde 2001. Na actualidade traballamos catro persoas a xornada completa.



Eva Beres Cainzos

53 anos

Horta ecolóxica e queixos
Ordes, (A Coruña)

Dende sempre vinculada á terra, coido ás persoas familiares e animais e encárgome da alimentación familiar. Tales dedicacións levoume a inscribirme CRAEGA en 2006 en horta, en paralelo de animais utilizando os recursos para sustento familiar e saída de excedentes a venda directa, cunha persoa dedicada e titular, mentres compaxina a vida familiar.



Eva María Rodríguez Rodríguez

47 anos

Vacún de leite en ecolóxico
Ameixeira, Cesuras (A Coruña)

Incorporeime no 2000 á granxa familiar, prexubilando ao meu pai, que era o único titular neste momento. Era unha granxa de vacún de leite dunhas 25 cabezas. No 2008 fixen unha sociedade con 3 compañeiras (4 UTAS) e xuntamos 3 granxas. Chegamos a unha cabana de 120 animais adultos pero no 2014 rompemos a sociedade e continúei en solitario. No 2016 certifiquei a granxa en ecolóxico e así continúa sendo. Agora somos 3 UTAS, 2 empregados e eu, unha cabana de 100 animais cunha matriz, parte destes animais están como nun centro de recría e outra parte son as miñas produtoras e futuras produtoras. Manexamos unhas 50 hectáreas de terreo.

Cynthia Arias Ramil

36 anos

Proxecto Bieiteiras

Horta ecolóxica

Aparral de Arriba, nº3

15327 As Pontes (A Coruña)

Comecei eu soa no 2017. A miña idea despois de acabar o ciclo de Produción Agroecolóxica en Ponteareas e facer as prácticas nunha empresa en Irlanda era facer unha horta con moita variedade de cultivos e vender directamente na miña vila, As Pontes. Pedín a axuda de incorporación, que me concederon, e montei un invernadoiro de 1000 m². Solicitei o selo de produción ecolóxica e púxenme a vender no mercado labrego dos sábados e reparto a domicilio os martes exclusivamente na miña vila. No 2018 incorporouse o meu compañeiro Iván e montamos outros 1000m² de invernadoiro e sumamos 1ha de cultivos ó aire libre. Facemos rotación de cultivos tanto para non esgotar os nutrientes do chan como para manter a biodiversidade.



María Pardo Barbeito

59 anos

Proxecto Horta da Lousa

Viveiro e horta ecolóxicos

Lousa de abaixo, nº28

15187 Encrobas, Cerdeda (A Coruña)

Cando o meu fillo comezou a escola entroume a necesidade de ganar os meus cartos e como eu estudos non tiña pois ou ir a traballar á Coruña na limpeza e vir todos os días ou buscar algo na terra. Decidinme pola horta porque tiña o mercado cerquiña, vendiamos en Ordes e na Coruña. Cando o meu fillo decidiu incorporarse tamén decidiu sacar selo ecolóxico.

Empezamos a traballar na horta no ano 1989 e o meu fillo incorporouse no 2014. Agora temos 8000 metros cadrados de invernadoiro e 4000 m cadrados ao aire libre e unhas parcelas con castaños.

Vendemos facendo un reparto posto que facemos plantiñas pequenas de horta. Estamos 4 persoas traballando e outra eventual.





María Dolores Porto Álvarez

44 anos

Proxecto Granxa de Lousada

Horta e granxa (porcos, cabras, ovellas, galiñas...)

Lousada, Irixoa (A Coruña)

Granxas de Lousada naceu a partir dunha antiga granxa de meus pais, onde a miña parella mais eu fixemos uns cambios. A día de hoxe é unha explotación familiar, onde temos horta, porco celta, vacas de carne, ovellas, cabras, galiñas e polos. Todo isto certificado co selo ecolóxico do CRAEGA, para todo isto manexamos sobre 22 hectáreas, temos moita variedade pero non moita cantidade, pois que facemos venda directa ao consumidor, mercados locais e venta insitu, etc.



Marta García Villar

61 anos

Proxecto Millo e Landras

Horta e granxa ecolóxicas

Lugar Painzás nº1

15807 Vilasantar (A Coruña)

Millo e Landras naceu hai 16 anos coa idea principal da autosuficiencia e de vender os excedentes.

A idea era replicar o modelo que durante xeracións se fixo no rural galego. Poucos animais pero de todos; abellas, coellos, galiñas, patos, cabras, ovellas, porcos, vaca, burro... e por suposto unha gran horta con toda clase de verduras, árbores e flores. Temos 2.500m² de biodiversidade. Tamén traballamos 3 ha con trigo e pataca. Estivemos certificados no CRAEGA os 10 primeiros anos pero agora só temos as froiteiras aínda que as nosas prácticas son unicamente agroecolóxicas. Somos unha cooperativa na que actualmente traballamos dúas persoas e comercializamos os nosos produtos en grupos de consumo e particulares. Os nosos clientes convertéronse cos anos na nosa familia á que coidamos con produtos de calidade e un trato moi próximo. Somos coma eses avós da aldea que che enchían o maleteiro do coche con patacas, verdura, ovos, chourizos... cando ías velos.

Leticia Iglesias Basanta

45 anos

Na horta da avoa María

Horta ecolóxica

Neda (A Coruña)

Levo traballando no sector agrario moitos anos, viña de traballar de técnico en empresas privadas, cooperativas, empresas de xardiñeiría e viveiros. Os soldos non eran moi bos para a carga de traballo que tiña e de presión. Na maioría das veces os teus superiores, sen ter ningún tipo de formación sobre o sector, tiñan máis poder de decisión ca min e eu frustrábame. Os traballos non se facían plenamente como un quixera e estaba sempre moi limitada e chegaba a ser nalgunha ocasión frustrante. Logo de valoralo moito e ter terras familiares, xa que meus avós dedicábanse a traballar a terra de xeito privado, merquei un invernadoiro pequeno para empezar a experimentar e ver como se me daba. Pouco a pouco fun ampliando a cultivos exteriores sacándolles a meus avós superficie para eles, e fun atopando mercado para os meus produtos en feiras e tendas locais.

En febreiro do 2015 decido dar o paso e doume de alta como autónoma na agraria e tamén certifico a parcela no CRAEGA.

Conto cunha explotación dunha hectárea escasa, que levo eu soa. A maioría de meus produtos son autóctonos, berzas galegas que manteño a semente de meus avós, tomate negro de Santiago, pemento tipo Couto, pemento morrón ferrolterra...e logo fun incorporando novos cultivos para diversificar e poder ter variedade aínda que en cantidades pequenas pero que atraen ó consumidor final xa que ten máis onde elixir.


Agora mesmo o meu groso de venda é venda directa e logo un 25% de produción vai destinada a bares e a un proxecto de Ecomedores que leva Agroalimentaria do Eume.



Bibliografía

- Álvarez, I. y Begiristain, M. La soberanía alimentaria y la agroecología: Practica desde Ya, Guía 10 del curso de extensión universitaria Baserritik Mundura-Del Caserío al Mundo, organizado por Hegoa Institutoa (UPVEHU) y EHNE-Bizkaia. (2018)
- Ángel Calle Collado e Isabel Alvarez Vispo, Territorios que alimentan, Icaria Editorial, (2024)
- Andrea P. Sosa Varrotti, Mariana Palumbo, Daiana Perez (05-2024), Agroecologie(s), femmes et travail: action, transformation et re-existences, AgriGenre. Fuente en línea: <https://agrigenre.hypotheses.org/20225> DOI: <https://doi.org/10.58079/10sib> (consultado o 10 de outubro de 2024)
- Begiristain, M., & Álvarez, I. (2019). Feminismo para los sistemas alimentarios y la agroecología. Revista Iberoamericana De Economía Solidaria E Innovación Socio ecológica, 2(1). <https://doi.org/10.33776/riesise.v2i1.3658> (consultado o 10 de outubro de 2024)
- CIFAN, (22-04-2017). Mali: Manifiesto de la agroecología campesina de Nyéléni, <https://viacampesina.org/es/manifiesto-la-agroecologia-campesina-nyeleni/> (consultado o 10 de outubro de 2024)
- Dynaversity european project, desk study “How diversity fosters healthier diets through diversification of food ?”, 2021, http://dynaversity.eu/wp-content/uploads/2021/05/Dynaversity_DeskStudy.pdf (consultado o 10 de outubro de 2024)
- EHNE Bizkaia., (2023). Mujeres baserritarras cuidando, personas, tierra, territorios y el planeta. Euskal Herria, <https://www.ehnebizkaia.eus>
- EHNE Bizkaia., (2015). Soberanía alimentaria y Feminismos, Euskal Herria, www.elikaherria.eus
- Herrero, Yayo, Economía ecológica y economía feminista: un diálogo necesario. En Carrasco Bengoa, Cristina (Ed.), Con voz propia. La economía feminista como apuesta teórica y política, pp. 219–237. Madrid: La oveja roja (2014)
- IPES-FOOD, “From uniformity to diversity, A paradigm shift from industrial agriculture to diversified agroecological systems”, 2016 http://www.ipes-food.org/_img/upload/files/UniformityToDiversity_FULL.pdf (consultado o 10 de outubro de 2024).

- Kondo, C. (2021). Re-energizing Japan's teikei movement: Understanding intergenerational transitions of diverse economies. *Journal of Agriculture, Food Systems, and Community Development*, 10(4),103–121. <https://doi.org/10.5304/jafscd.2021.104.0031> (consultado o 10 de outubro de 2024)
- La Vía Campesina, El caminar del Feminismo Campesino y Popular en la Vía Campesina, Femgarabat.
- La Via Campesina (07-06-2022) Semillas en la Cultura Campesina e Indígena, para la Soberanía Alimentaria de los pueblos, 2022. file:///C:/Users/PC/Downloads/LVC-ES03-Training-Module_rev3-1.pdf (consultado o 10 de outubro de 2024)
- Miguel A.Altieri, Agroecología, Bases científicas para una agricultura sustentable, 1999, <https://www.fao.org/agroecology/database/detail/es/c/893011/> (consultado o 10 de outubro de 2024)
- Mundubat y Ceres, participación política de las mujeres campesinas en el estado español, 2020, <http://coag.chil.me/download-file/104758-386836> (consultado o 10 de outubro de 2024)
- Siliprandi, Emma y Gloria Zuluaga (Coords). Género, agroecología y soberanía alimentaria. Perspectivas ecofeministas. Barcelona: Icaria. (2014).
- Soraya González Guerrero, Pandora Mirabilia, Introducción a la soberanía alimentaria desde un enfoque feminista, <https://www.mundubat.org/wp-content/uploads/archivos/201303/introduccion-a-la-soberania-alimentaria-desde-un-enfoque-feminista-soraya-gonzalez.pdf> (consultado o 10 de outubro de 2024)
- Tareixa Ledo Regal, Lidía Senra Rodríguez. A historia dun liderado entrañable. Edicion Laiovento, 2010.
- Urgenci, cuadernillo de productoras para productoras: Agricultura sostenida por la comunidad, 2019, <https://cloud.urgenci.net/index.php/s/MsXw74WZcRRaFGt?dir=undefined&path=%2FCSA%20Farming&openfile=5057> (consultado o 10 de outubro de 2024)
- Xoán Carlos Carreira Pérez, Agroecoloxía, agricultura tradicional e novo sistema agrario en Galiza.



Deputación
DA CORUÑA